



# TRINQUE

Asociación  
Galega  
do Libro  
Infantil e  
Xuvenil

boletín de novas de Gálix

Xaneiro 2009



R/ As Galeras, 17, 1, Local 3  
15705 Santiago e Compostela


Tlf. / Fax 981 58 98 83  
galix@galix.org www.galix.org

# TRINQUE



**Título:** Sopra neste furadiño  
**Escrito por:** Antón Cortizas  
**Ilustrado por:** Leandro Lamas  
**Editorial:** Edicións Embora  
**Colección:** Fardel de libros

*Sopra neste furadiño* é, en palabras dos responsables de Embora, «un conto para prelectores pensado precisamente para que un adulto acompañe ao neno na lectura». Un percorrido por diversas situacións que, ademais, supón un instrumento moi interesante para mestres e mestras e logopedas como elemento para axudar a nenos e nenas con problemas de pronuncia.



**Título:** O Neno sen Nome e A Andoriña Viaxeira  
**Escrito por:** Teresa Sabaté i Rodie  
**Ilustrado por:** Carme Solà Ortega  
**Editorial:** Baía Edicións  
**Colección:** Os Dereitos do Neno e a Nena

A editorial Baía reeditou a finais do pasado ano a colección de contos *Os Dereitos do Neno e a Nena*. Trátase dunha serie dirixida a escolares de educación infantil e primaria e constitúen un material perfecto para transmitir os dereitos específicos e universais dos que gozan os pequenos, que son dez, e que están recollidos noutros tantos contos, dos que destacamos dos:

**A Andoriña Viaxeira:** Á terraza da casa de Xela chega cada ano unha andoriña a facer o seu niño. Esta cóntalle a Xela o que viu sobre como viven os nenos e nenas do mundo.

**O Neno sen Nome:** Había unha vez un neno que sufriu un accidente de avioneta cando ía co seu avó aventureiro. Caeu nun lugar moi afastado, onde viviu unha nova vida con persoas moi boas e interesantes, mais non lembraba o seu nome e tiña que recuperalo.



**Título:** Os Bolechas quieren saber como é o noso Patrimonio Cultural e Os Bolechas. A Rúa  
**Escritos e ilustrados por:** Pepe Carreiro  
**Editorial:** A Nosa Terra

Con máis de cen títulos no mercado teñen unha lección de seguidores entre os máis pequenos para os que que o elemento máis importante é o libro ilustrado. Ata comezan a ter o seu propio merchandising... Cada vez visitan máis sitios da nosa xeografía e nos amosan o que ocorre en máis lugares. Desta volta recomendamos este dous títulos, que figuran entre as últimas incorporacións ao particular mundo dos Bolechas.





A casa máis grande do mundo  
Leo Lionni




*Título: A casa máis grande do mundo*  
*Escrito e ilustrado por: Leo Lionni*  
*Traducido por: Xosé Manuel González "OLI"*  
*Editorial: Kalandraka Editora*  
*Colección: Tras os montes*

Unha familia de caracóis vivía nunha saborosa col. Coa casa ás costas, percorrían lentamente na procura dalgunha herba tenra para rillar. Un día, un pequeno caracol díxolle ao seu pai: “Cando sexa grande, quero ter a casa máis grande do mundo”.  
“Iso é unha parvada” respondeu o pai, que resultou ser o caracol máis prudente de todos. “As cousas grandes non sempre son as mellores”. E contoulle esta historia...



Xavier P. Docampo naceu en Rábade (Lugo). Desde cativo o que máis lle gusta é contar historias e que llas contén. É mestre e sente paixón polo cinema, se cadra por iso consegue que os seus lectores sexan capaces de situarse no eixo da historia.




Foi actor e director de teatro, traballou na radio e ademais escribe e dirixe guións para cine, vídeo e televisión. De feito, en breve, poderemos ver na gran pantalla unha adaptación da súa novela “A casa da luz”.

*Título: Os sete cabritos*  
*Escrito por: Tareixa Alonso García*  
*Ilustrado por: Teresa Lima*  
*Editorial: OQO*  
*Colección: O*

Había unha vez sete cabritos que vivían felices nunha cabana do bosque coa súa mamá; pero preto de alí roldaba un lobo feroz... *Os sete cabritos* é unha revisión do clásico conto no que o lobo tenta enganar ás criaturas que a nai ten que deixar soas un pouco de tempo. A pesar das precaucións, o lobo acada o seu fin e zampa os cabritos, pero é descoitado, e por iso o máis pequeno pode avisar á súa nai, que vingará a maldade cometida e dá ao abusón o seu merecido.





**Título:** *A nube de Martín*  
**Escrito por:** *Javier Sobrino*  
**Lustrado por:** *Rebeca Luciani*  
**Editorial:** *Kalandraka*  
**Colección:** *Maremar*

FINALISTA DO PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA PARA ÁLBUMS ILUSTRADOS

“Eu son Martín, teño unha gata, un ollo de cada cor e unha nube. Subo á miña nube todos os días, pola mañá, pola tarde ou pola noite. Non importa se estou na cama, no parque ou no metro. Ás veces, paso nela moito tempo; outras, un pouco menos, Dá igual que haxa sol, chova, neve, ou sobre o vento. Estou encantado coa miña nube, aínda que non a todos lles gusta...”




**Título:** *GARAVANCIÑO*  
**Escrito por:** *Olalla González Paz*  
**Ilustrado por:** *Marc Taeger*  
**Editorial:** *Kalandraka*  
**Colección:** *Os contos do trasno*

Había unha vez unha familia que tiña un fillo moi pequeno, tan pequeno coma un garavanzo. Por iso decidiron chamarlle Garavanciño. Un día cando a súa nai estaba facendo o xantar, notou que lle faltaba o azafrán. Garavanciño axiña se ofreceu para ir á tenda. A nai nunca o deixaba saír só da casa porque tiña medo de que a xente non o vise e o pisase. Pero Garavanciño insistiu. Díxolle á súa nai que iría cantando; así, aínda que non o visen, sentiríano e ninguén o pisaría...

**Título:** *CHA-CA-PUN*  
**Escrito por:** *Alfredo Gómez Cerdá*  
**Ilustrado por:** *Paz Rodero*  
**Editorial:** *Mcmillan*  
**Colección:** *Librosauro*

“Cha-ca-pun, cha-ca-pun, cha-ca-pun...” Non é só o ruído que fai o vello tren protagonista desta historia. Cha, Ca e Pun son os nomes de tres trasnos que acompañan ao tren nas súas viaxes montaña arriba e montaña abaixo.

Non ten apuro ningún, e os seus camiños non son nada correntes. Un día os trens modernos, presumidos e vaidosos, deciden que o vello tren lles estorba no seu camiño.



**Título:** *O MAR NA COCINA*  
**Escrito por:** *Harkaitz Cano*  
**Ilustrado por:** *Lluïsa Jover*  
**Editorial:** *Mcmillan*  
**Colección:** *Librosauro*

Para mergullarse, a Xurxo abóndalle con ir á cociña. Nas súas paredes azuis el mesmo pintou peixes e polbos. Pero un día a nai de Xurxo dixo “Grrrrrrghusk!g!” e empezou a limpar a cociña cun quitamanchas *hipermoderno*. Darase Xurxo por vencido?






**Título:** *O nacemento de Nunavut*  
**Autor:** *Xoán Abeleira*  
**Ilustrado por:** *Jacobo Fernández*  
**Editorial:** *Xerais*  
**Colección:** *Nunavut*

Nunavut, a nena protagonista destas aventuras, pertence a un dos pobos máis lendarios da terra, os inuit ou esquimós, pobo primitivo que aínda sobrevive en durísimas condicións e cunha peculiar cultura onde o real e o suprarreal están intimamente vencellados. Pero Nunavut tamén é hoxe unha fermosa e esperanzadora rexión autónoma para tódalas comunidades árticas. Co nacemento de Nunavut, o tenro relato co que se inician estas aventuras, asistimos á chegada ao mundo da meniña, quen, tras ser abandonada á súa sorte, é levada á morada dos ingnersuit, os trasnos ou espíritos da escuridade, de onde tentará rescatala o seu arrepentido pai.



**Título:** *Os piratas da illa da Esperanza*  
**Autor:** *X.H. Rivadulla Corcón*  
**Editorial:** *Xerais*  
**Colección:** *Merlín*

*A Illa do Tesouro* é o libro máis especial para os cinco membros do Club de Lectura Pedra dos Corvos. Cando coñecen ao Vagabundo, un vello e nobre navegante, que se convertirá nun amigo máis da panda, vivirán unha arriscada aventura que os levará a embarcarse no Praia de Quenxe para procurar un tesouro na illa da Esperanza e a enfrontarse a un situación tan inesperada coma dolorosa.




**Título:** *do a ao Z. Galicia*  
**Autor:** *Ana María Fernández/Xoán Babarro*  
**Ilustrado por:** *Luisa Vera*  
**Editorial:** *Everest Galicia*

Coñeces ben a túa terra?  
 Os ríos, a xente, o que se come, as festas... O máis importante vas poder atopalo neste libro, que che amosará, coas súas rimas e coas súas explicacións, a verdadeira Galicia.  
 A tradición e a modernidade deste fermoso país noso fúndense nunha aperta de futuro.

**Título:** *Venres ou a vida salvaxe*  
**Autor:** *Michel Tournier*  
**Editorial:** *Xerais*  
**Colección:** *Xabaril*

Robinson, o home que organiza "civilizadamente" o seu vivir solitario nunha illa deserta, atópase con que ten moito que aprender de Venres, o "salvaxe" que chega cabo del. Velaquí unha visión actualizada do mito robinsoniano: os chamados salvaxes son persoas cunha civilización diferente da nosa. A actitude de superioridade de Robinson con Venres é o problema Norte-Sur, a tensión entre os países Norte-Sur: a tensión entre os países industrializados e o terceiro mundo.



**Título:** *Descubrir a arte a través do mundo*  
**Autor:** *Caroline Desnoëttes*  
**Editorial:** *Faktoria K de libros*  
**Colección:** *Caixón de arte*

Este libro é -dende o comezo- unha festa para os ollos, un fascinante encontro con 18 obras de arte a través de todo o mundo: rolos etíopes, biombos coreanos, máscaras brasileiras, iconas rusas...



A disposición das páxinas tamén lle propón ao lector entreterse levantando as pestanas despregables para descubrir os textos ocultos que suxiren ollar, xogar e que lle aclaran a lectura dos obxectos, con información sobre as obras, o seu lugar e época de creación. Convida a observar os detalles, os materiais, as formas artísticas...



**Título:** *O nacemento do Dragón*  
**Autor:** *Marie Sellier*  
**Ilustrado por:** *Wang Fei*  
**Editorial:** *Faktoria K de libros*

Antano, hai xa moito tempo, nos días en que non existían os dragóns, os homes, as mulleres e os nenos da China cazaban, pescaban e vivían en tribos baixo a protección de espíritos benévolos...

Mentres que en Europa o dragón é un animal misterioso e de reminiscencias diabólicas, en Asia é sinónimo de paz. Esta obra bilingüe galego-chino mandarín, conxuga literatura, caligrafía e ilustración, conta a orixe desta criatura mítica, creada en tempo inmemorial polos nenos e nenas das diversas tribos chinesas.



Dende cativo mantivo sempre unha grande afección polo debuxo e maila pintura, para chegar a se converter despois nunha necesidade. Ilustrou “A casa da Luz” e participou tamén, canda Docampo, no proceso de realización no que el entende como “unha oportunidade para volver sentir a emoción do cadro”. Cando fala en primeira persoa di: “Son Xosé Cobas Gómez. Nacín na primavera do 53 en Logrosa-Negreira”.

## DOCAMPO DIALOGA CON COBAS: Unha charla entre amigos.

**Xabier P. DoCampo.-** O que para nós resulta do máis natural, ás veces fáisenos difícil de explicar. Refírome á nosa forma de acometer o traballo de creación conxunta: texto mais ilustración. Seguramente somos un caso único de colaboración, tanto polo moito tempo que levamos traballando xuntos coma na forma en que o facemos. Explicaremos isto mais adiante, porque agora a min interésame mais que me digas como acometes ti o traballo con outros autores, cal é o proceso e a relación que tes con eles?

**Xosé Cobas.-** Recibo un texto que leo na miña soidade. Despois comezo a traballar nas imaxes que o texto me proporcionou. Ás veces chamo ao autor para aclarar algunhas cousas que me ofrecen dúbidas, sempre na procura desas imaxes que necesito para crear una narrativa gráfica. Pero nestes casos trátase dun xeito de traballar, o máis común no mundo da ilustración, no que autor do texto e ilustrador fan as súas achegas arredadas unha da outra. Aquí hai que dicir que, cando se traballa deste xeito, é no ilustrador en quen recae toda a responsabilidade de crear una obra uniforme, conxunta, que camiñe por un vreiro único, que non diverxa na lectura. E non sempre se consegue.

**XPD.-** Eu vinte traballar dese xeito, pero o que mellor coñezo é o noso traballo conxunto, o noso desexo de facer unha obra a catro mans, e creo que só así se pode falar do complemento narrativo da ilustración, mellor dito da interrelación narrativa entre texto e ilustración. Cando creamos unha obra, e quero agora pensar na experiencia máis enriquecedora neste senso que significaron *Bolboretas* e *O libro das viaxes imaxinarias*, poderíamos dicir que non houbo a preponderancia dun traballo sobre doutro que tanto se ve nos libros ilustrados.

**XC.-** Si, pero teñamos en conta que o ilustrador sempre vai detrás do autor do texto. O fermento da cocción, a idea sempre parte do escritor. É certo que despois, no noso caso, hai unha elaboración conxunta, é certo, pero a idea sempre é do escritor.

**XPD.-** Até agora foi así, seguramente porque eu vivo nunha arela continua de crear historias, pero tamén sabemos que agora mesmo temos un proxecto, certo que a moi longo prazo, no que a idea primixenia e mesmo a historia que de momento contemplamos, foi túa. Isto quere dicir que calquera outro camiño é posíbel e que o que distingue o noso traballo é o da busca da obra común. Algo que eu creo que está moito no ánimo dos ilustradores todos, e se non véxase que un gran número dos álbums ilustrados, se non a maioría, adoitan seren de autor único: o ilustrador.

**XC.-** Cando o escritor ten unha certa sensibilidade cara a ilustración, e por tanto, sabe crear textos que proporcionen imaxes, o seu traballo inicial é o máis natural: está creando un discurso que se narrará nas dúas linguaxes e discorre de forma paralela ou, o que é mellor aínda, converxente. Pero en referencia ao que ti dis do ilustrador autor total do álbum, ocorre que non é raro que se dea o caso de que os textos resulten redundantes coa ilustración, mesmo innecesarios, e en cambio que se bote en falta a necesaria presenza da literatura, de texto con espesor literario.

**XPD.-** No tocante ao elemento xerador, tes razón que adoita ser o texto escrito, porque a maioría das experiencias que eu coñezo nas que se creou a obra partindo dunhas ilustracións para as que se escribiron despois uns textos, deron resultados pouco interesantes se exceptuamos algúns poucos casos. Iso pódese deber a moitas causas, das que, pregunto eu, se non será unha delas a ausencia de narratividade de moitos discursos gráficos. Ilustradores de requintada técnica, de grande capacidade para a creación da páxina, non dan acadado un discurso narrativo, aquela necesaria relación discursiva entre cada ilustración e as súas contiguas, non si?

**XC.-** Xustamente nese punto é onde radica o elemento definitorio do álbum ilustrado. É aí onde ese discurso narrativo toma carta de natureza e coloca ao ilustrador nese reto profesional da creación do álbum, que só pode existir cando se dá a relación discursiva da que ti falas. Hai artistas que na súa obra pictórica se aproximan a ilustración e o álbum pola súa capacidade narrativa, polo seu desexo, logrado, de contar unha historia.

## PARA ESTAR INFORMADAS E INFORMADOS

### MÁSTER EN LIBROS E LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

A Universidade Autónoma de Barcelona en colaboración co Banco del Libro de Venezuela, a Fundación Germán Sánchez Ruipérez e a Fundación SM convocan a III Edición do Máster en Libros e Literatura Infantil e Xuvenil. O programa de formación pódese levar a cabo de maneira semipresencial e posúe unha parte central, dedicada a coñecementos xerais ao redor da literatura infantoxuvenil e unha segunda parte diversificada, en que o alumnado poderá especializarse nunha das seguintes catro áreas: a edición, a crítica e a investigación, a promoción da lectura e o uso das obras nas aulas. A preinscrición estará aberta ata o 31 de marzo. Para máis información, preme en: [www.pangea.org/gretel-uab](http://www.pangea.org/gretel-uab)

### CONGRESO NA HABANA

O Congreso Internacional de Lectura: "Para leer el XXI" celebrarase na cidade da Habana entre o 26 e o 31 de outubro de 2009. A aceptación de comunicacións remata o 15 de maio. Se che interesa, consulta: [www.lectura2009.org/congreso/convoca.htm](http://www.lectura2009.org/congreso/convoca.htm)

### PROGRAMA DE FORMACIÓN DE FORMADORES DE LECTURA

O Banco do Libro de Venezuela convoca o seu Programa Integral en Liña para a Formación de Formadores de Lectura. A inscrición está xa aberta e na páxina da institución poden consultarse os diferentes seminarios e cursos que se poden levar a cabo. Toda a información en [www.bancodellibro.org.ve](http://www.bancodellibro.org.ve)

